
AQUILES O PUNTIÑO

Texto de **GUIA RISARI**

Ilustracións de **MARC TAEGER**

Tradución de **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 22 x 28 cm. 40 páx. 16,50 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL) PORTUGAL

Aquiles o puntiño (galego)

ISBN 978-84-8464-568-9. MareMar.

Aquiles el puntito (castelán)

ISBN 978-84-96388-35-2. Libros para soñar.

Aquil·les el puntet (catalán)

ISBN 978-84-934380-0-5. Kalandraka-Hipòtesi.

Aquiles o pontinho (portugués)

ISBN 978-989-8781-84-2. Livros para sonhar.

Achille il puntino (italiano)


ISBN 978-88-95933-03-0. Libri per sognare.

Ao principio, no medio dunha folla branca
sen debuxos nin marcas, había un puntiño.
Era claro, case transparente.
O sol atravesábao coma un espello de auga.
Pouco a pouco o puntiño foise coloreando...

Un dos temas que máis curiosidade suscita entre os lectores
é a orixe das cousas. A eterna pregunta do “por que” está
na boca de todos os nenos e as nenas; acompañaos ata a madurez.
Aquiles representa á perfección ese papel inqueda que o leva
a transformarse continuamente: faise crecer os ollos, a boca,
o nariz, as orellas, os brazos e as pernas; todos coa función
de ir máis aló, experimentar novas vivencias, medrar como ser vivo.

Non importa tanto a clase de criatura que é Aquiles; a proposta
plástica realizada por Marc Taegeer non permite precisalo.
Pero o texto e as imaxes deixan perfectamente claro dende
as primeiras páxinas que Aquiles posúe unha gran personalidade,
con moita iniciativa e sensibilidade.

Contemplan o que o rodea, explorar a contorna, gozar dos pequenos
detalles da vida, experimentar sensacións como a felicidade
e enriquecerse día a día con emocións e sentimentos, son algunhas
cousas que nos invita a compartir Aquiles. Marc Taegeer traballou
con diferentes tipos de papel que previamente pintara e logo
recortara, dándolles forma para facer composicións coa técnica
do collage.



- **Temática:** o crecemento.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** partes do corpo, sentidos corporais; riqueza léxica; descrición da contorna cercana, ilustracións abstractas e de cores chamativas; practicar o debuxo de formas e texturas, collage; do ilustrador de “A verdadeira historia de Carapuchiña”, “Garavanciño”, “Elefante comellón”, “Tic-tac” (Kalandraka), “A guía Necsia” e “Artur” (Faktoría K).

Guia Risari

(Milán, 1971)

Licenciada en Filosofía Moral pola Universidade de Milán, ampliou a súa formación en universidades como A Sorbona. É escritora, tradutora e investigadora en materias relacionadas coa literatura, a socioloxía, a antropoloxía e a emigración. Publicou e traduciu ensaios e novelas. Tamén é autora de contos infantís. Colabora con editoriais, revistas e grupos de teatro, ademais de impartir cursos e obradoiros.
<http://www.guiarisari.com>

Marc Taegeer

(Berna, 1963)

Estudou deseño gráfico en Barcelona. Afincado en Galicia, traballa como ilustrador e deseñador. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son as súas especialidades. Expuxo a súa obra en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia e Costa Rica. Polo seu traballo de ilustración e deseño en “A verdadeira historia de Carapuchiña” (KALANDRAKA), recibiu o Premio Daniel Gil de Deseño Editorial 2005. Ademais de “Aquiles o puntiño”, tamén ilustrou os álbums “Elefante comellón”, “Garavanciño”, “Tic-tac” e, no selo FAKTORIA K, “Artur” e “A Guía Necsia”.
www.marquski.com

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
